

## Federico García Lorca e Aquilino Iglesia Alvariño

Luciano Rodríguez

**RESUMO** Descríbense brevemente os motivos das estadias de Federico García Lorca en Galicia, ben como conferenciante ben como teatreiro. Alén disto, Luciano Rodríguez refírese ás relacións do poeta andaluz cos intelectuais do país, que o levaron a escribir os *Sete poemas galegos*. Por último, reproducense algúns poemas de Aquilino Iglesia Alvariño nos que se pode percibir a influencia da poesía lorquiana.

**ABSTRACT** After a brief account of the reasons for Lorca's visits to Galicia— theatre and public lectures—Luciano Rodríguez discusses the relationships of the Andaluz poet with the intelligentsia of the country, which moved him to compose his *Sete poemas galegos*. Finally he publishes certain poems by Aquilino Iglesia Alvariño in which he discerns the influence of Lorca's style.

133

A Enrique Morente:  
gracias, maestro.

### 1. Estancias de Federico García Lorca en Galicia

Federico García Lorca estivo por primeira vez en Galicia con motivo da súa viaxe de estudos, no ano de 1916; esta viaxe realízase en compañía dalgúns dos seus compañeiros de curso das Facultades de Filosofía e Letras e Dereito da Universidade de Granada, auspiciada e dirixida polo Catedrático de Teoría da Literatura e das Artes na institución granadina, D. Martín Domínguez Berrueta<sup>1</sup>. Esta circunstancia propicia a primeira presenza de Galicia na obra do poeta de Fuente Vaqueros: no seu primeiro libro, *Impresiones y paisajes*

---

<sup>1</sup> Ian Gibson (1998): *Vida, pasión y muerte de Federico García Lorca (1898-1936)*, Plaza&Janés, Barcelona, pp. 76-81.

(1918), recrea a impresión que lle produce a visita ao hospicio de San Domingos de Bonaval, dando aquí tamén a súa primeira mostra de denuncia e solidariedade para cos marxinaos e desprotexidos, algo que ha ser tan frecuente na súa obra poética e dramática<sup>2</sup>.

Dezaseis anos despois, no mes de maio de 1932, volve a Galicia como conferenciante, estando o día 6 en Vigo, o 7 en Santiago de Compostela, o 8 e o 9 na Coruña, para ir novamente a Santiago ao día seguinte. “Arquitectura del cante jondo”, “El poeta popular de España” e “Paraíso cerrado para muchos, jardín abierto para pocos (Granada y su poeta del S.XVII)” foron os títulos das súas conferencias<sup>3</sup>.

En agosto do mesmo ano Federico García Lorca volve a Galicia, pero neste caso co teatro La Barraca, actuando na Coruña, Santiago, Vigo, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, Ribadeo e Lugo, sendo aquí, na cidade luguesa, onde García Lorca publicará na revista *Yunque*, nº 6, decembro de 1932, o primeiro dos *Seis poemas galegos*, o titulado “Madrigal â cibdá de Santiago”<sup>4</sup>.

Federico García Lorca volverá unha outra vez a Galicia neste mesmo ano de 1932 –a derradeira– para impartir conferencias nas cidades de Pontevedra e Lugo.

O contacto coa intelectualidade, coa paisaxe e coa paisanaxe vai ser fértil caldo de cultivo para a súa amorosa achega á creación poética en galego, como tan ben teñen posto de relevo José Landeira Yrago<sup>5</sup>, Luís Pérez Rodríguez<sup>6</sup> e Andrés Pociña<sup>7</sup>. De aí parte esa achega tan excepcional á cultura galega que

---

<sup>2</sup> A admiración de Lorca por Galicia e por Rosalía de Castro queda de manifesto desde os seus primeiros textos como se pode ver en “Salutación elegíaca a Rosalía de Castro”, poema datado o 29 de marzo de 1919, hoxe recollido en Federico García Lorca (1994): *Poesía inédita de Juventud*, Ed. de Cristian de Paepe, Cátedra, Madrid.

<sup>3</sup> Vid. X.L. Franco Grande e J. Landeira Yrago (1974): “Cronología gallega de Federico García Lorca y datos sincrónicos”, *Grial*, nº 45, pp. 280-307.

<sup>4</sup> Sobre a problemática e elaboración dos *Seis poemas galegos* remito ao traballo do profesor da Universidade da Coruña Alfredo Rodríguez López-Vázquez: “A danza da lúa en Santiago, un problema de crítica textual”.

<sup>5</sup> José Landeira Yrago (1986): *Federico García Lorca y Galicia*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro.

<sup>6</sup> Luís Pérez Rodríguez (1995): *O Pórtico dos Seis poemas galegos*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

<sup>7</sup> Andrés Pociña (1998): *Galicia e Granada: dous cabos dun eixo espiritual*, Sada - A Coruña: Edicións do Castro, pp. 13-106.

serán os *Seis poemas galegos* que publicará a finais de decembro de 1935 a grande editorial galega da preguerra, a *Editorial Nós*.

Mais o nome de Federico García Lorca era de sobra coñecido e admirado polos poetas galegos dende moito tempo atrás e non só dende as súas viaxes a Galicia, especialmente as tres de 1932, nas que fixo tantos amigos e tomou contacto, directo e en profundidade, coa realidade cultural e lingüística galegas.

Un exemplo da atracción que a poesía de Lorca tivo para os poetas galegos podemos velo en Aquilino Iglesia Alvariño (1909-1961) quen, tanto en textos ensaísticos como poéticos, manifesta a súa admiración polo autor do *Romancero gitano*.

## 2. Contacto co mundo lorquiano

Polo volta de 1930 Álvaro Cunqueiro ponnos no camiño que andamos a buscar. No primeiro artigo que publica, aparecido en *Vallibria* di:

Llegaba a veranear a Mondoñedo, desde Madrid, el fino poeta José Ramón Santeiro. Traía las novedades para mí, literalmente, una nueva luz: los libros de Alberti, Cernuda, Lorca, Guillén, Salinas... ¡Qué inmensa borrachera de poesía en el bosque de Silva, a la sombra de los plátanos, como en los diálogos platónicos!<sup>8</sup>

Nestas datas xa Aquilino Iglesia é un poeta édito. Moi a comezos de 1930 aparecera en Lugo *Señardá*<sup>9</sup>, mais este libro, rematado de escribir no ano de 1928, está aínda arredado das preocupacións estético-poéticas do momento literario. Pola contra, cando no ano 1933 publica o seu segundo poemario, *Corazón ao vento*, obsérvase xa outra atmosfera poética e certos ecos lorquianos, como de seguido, e en breve, referiremos, o que nos leva a pensar que tamén a el lle chega esa información poética da que fala Cunqueiro no artigo mencionado.

<sup>8</sup> Álvaro Cunqueiro (1930): "Benvida a Xosé Ramón Santeiro", *Vallibria*, Ano I, nº VI.

<sup>9</sup> Aquilino Iglesia Alvariño (1930): *Señardá*, Lugo: Palacios Editor.

### 3. A tímida presenza en *Corazón ao vento*

Os vinteseis poemas que compoñen *Corazón ao vento*<sup>10</sup> están datados entre os anos 1930 e 1932 e supoñen unha modernización e posta ao día do poeta Aquilino Iglesia Alvariño; de aí que tente assimilar no seu verso os ecos creacionistas e fundamentalmente o hilozoísmo de Luís Amado Carballo<sup>11</sup>.

Noutra dimensión teríamos que situar algúns textos nos que somete elementos populares a un proceso de estilización, dando lugar a un popularismo (neopopularismo) refinado e culto que obedece claramente a lecturas de poetas andaluces (fundamentalmente Federico García Lorca e Rafael Alberti), sen esquecer a Rosalía de Castro de *Cantares Gallegos*:

*Gaitiña, gaita, gaiteira...  
Teu corazón encarnado  
vai estalando de pena.*

*Polo camiño da gaita,  
¡miña naiçiña querida!  
queda un regueiro de bágoas...*

136

A máis do poema “Tres estampas”, ao que pertence o fragmento citado, nesta atmosfera estilizada e neopopular móvense tamén, nun ou noutro sentido, “Tiréi ao vento, sangrando...”, “O meu corazón”, “Polo correo do vento”, “Eu din-lle â noite pousada”, “A noiva branca da lua...” e “Neniae”<sup>12</sup>; sendo tamén doado atopar neste último texto a lectura do Ramón Cabanillas d’*A rosa de cen follas*.

### 4. Aquilino Iglesia Alvariño fala de Lorca

Na “Autobiografía e Poética (1936)” declara Iglesia Alvariño sobre os “roteiros da nova poesía” que

<sup>10</sup> A. Iglesia Alvariño (1993): *Corazón ao vento*, Lugo: Imprenta A. Suárez Gómez.

<sup>11</sup> Sobre este particular vid. Luciano Rodríguez: *A poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 1994, pp. 172-176.

<sup>12</sup> A. Iglesia Alvariño: *Op. cit.*, 1933: Os poemas corresponden ás páxinas, 11, 7-8, 9, 13-14, 41, 43-44 e 65-66, respectivamente.

A poesía galega de hoxe ten as mellores posibilidades da península, pero loita coa falla de lectores, coa estreitez das edicións e con que os poetas non poden ser poetas. Non se poden facer versos despois de oito horas de traballo. *Débase ter coitado coas influencias andaluzas. Son doadas e belas, pero están lonxe de nós*<sup>13</sup>.

Palabras que deixan ben ás claras cales son os perigos aos que está sendo empurrado o poeta galego: o exceso de apego á moda e a falta de autenticidade; o neopopularismo dos andaluces da xeración do 27 (Lorca, Alberti...) resulta tentador e gorentoso e conecta coa vea neotrobadoresca da poesía galega do momento, pero Iglesia Alvariño aínda véndoa como unha moda tentadora e engaiolante, sente e sabe que a poesía é un modo, por iso amosa a súa reserva ante a invasión da moda.

Moitos anos despois, no 1947, a raíz da publicación de *Cómaros verdes*, fai a seguinte declaración ao xornalista Raimundo García Domínguez na que volve a insistir sobre os perigos da mímese:

(...)

- ¿Cuál es la particularidad más destacable de los nuevos rumbos de la lírica?

- Prescindir de las imágenes. Se ha abusado excesivamente de ellas. Sobre todo por la imitación, criminal, de Lorca<sup>14</sup>.

Máis alto e máis claro xa non se pode falar.

## 5. *Cómaros verdes* (1947): linguaxe de canción

O poemario *Cómaros verdes* organizase, na súa estrutura externa ou deseño editorial, en catro seccións perfectamente unitarias a nivel temático e estilístico: “E vou namorado”, “O pastor das horas”, “Nenias” e “Cabrifollos e oucas”. Respondendo a primeira aos ecos neotrobadorescos, de forma altamente libre; a segunda responde á tendencia hilozoísta de animación da

<sup>13</sup> A. Iglesia Alvariño, “Autobiografía e poética (1936)”, *Dorna*, nº 10, 1986, p.13. A cursiva é miña.

<sup>14</sup> Raimundo García Domínguez: “En el año de *Cómaros verdes*”, *La Voz de Galicia*, 24-II-1986. *Cuadernos de Cultura*.

natureza; as “Nenias” responden a unha tonalidade elexíaca de fortes resonancias clásicas; e a última sección responde a unha poesía paisaxística, neovirxiliana, de corte temporalista e preocupacións existenciais.

As composicións das dúas primeiras seccións, as máis antigas, escritas na época de preguerra, son as que máis nos achegan ao mundo lorquiano, polo seu aire neopopular vago, de soño e misterio, como doadamente se pode observar no poema titulado “Aló tras do Padorneo”, correspondente á primeira sección, e que copiamos como mostra:

*ALÓ TRAS DO PADORNELO*

*Aló tras do Padorneo  
nacéu a flor do mencei.  
Herbas de nebra soñada,  
ríos de luar ó pé.*

*Nos ríos, peixes de sombra,  
- ai-le-le-lo, ai-le-lé -  
as barquiñas dun cantar  
co día que logo ven.*

*Barqueiras, dúas horas novas,  
nemas inda, -cinco e seis-  
unha, remeira de sombras,  
outra, branca, timonel.*

*Ronseles de seda verde,  
súa voz nada de recén.  
Nela se dorme un luceiro,  
pastor de lúas de mel.*

*Río abaixo, río arriba,  
- ai-le-le-lo, ai-le-lé -  
andan a buscar na nebra  
a frol nove do mencei<sup>15</sup>.*

---

<sup>15</sup> A. Iglesia Alvaríño (1947): *Cómaros verdes*, Vilagarcía de Arousa: Edicións Celta, pp. 9-10.

Nestes textos é ben perceptíbel a linguaxe de canción, alada e breve, densa e sincrética, desacougante –ás veces– e misteriosa, que tanto caracteriza certas atmosferas lorquianas.

Algo que tamén atopamos –e sirva a modo de exemplo– en poemas de autor lucense como

### BRÉTEMA

*Brétema,  
canción noviña,  
auga de poema que mana e canta,  
ven!*

*-Ven por carreiriños de vento,  
neniña!  
Farémosche zapatiños de rosas.*

*-Ven por veredas de mences,  
neniña!  
Haberá froles de cbuchamel!*

*-Ven pola banda dos pomares!  
-Ven polo trigo das leiras,  
neniña!*

*-Canción noviña!  
-Auga de poema!  
-Rosa de vento!  
-Saudade do sol!<sup>16</sup>*

ou

### SOL

*Sol!  
Sol na cume!  
Sol de primavera!  
Río de sol!  
Mar de Sol!  
-Mirái, Mirái!*

---

<sup>16</sup> Op. cit., pp. 31-32.

*No mar do sol van boiando as chousas  
coas velas verdes das bidueiras ô vento.  
As casiñas da chaira  
foran a pique, ô fío das catro e media,  
polas tres lumieiras do celeiro.*

*Cando despertou a xente,  
xa nadaban en sol as cambeleiras dos bois*<sup>17</sup>.

## 6. *Nenias* (1961)

Pero o diálogo de Aquilino Iglesia Alvariño coa obra lorquiana vai ter un magno colofón coa publicación da nenia a el dedicada, titulada “García Lorca”, que inclúe no seu derradeiro libro, *Nenias*<sup>18</sup>; como os outros poemas do libro, tamén este é de marcado carácter elexiáco, e trata de conxugar nel as súas obsesións persoais co mundo poético-vital do homenaxeado.

A “Nenia por García Lorca” escribiuna para conmemorar o sesenta cumpreanos do poeta, léndoa en público, por primeira vez, na cea que no Círculo Mercantil de Vigo<sup>19</sup> lles tributan a Eduardo Blanco Amor e a Villamarín Prieto (recén chegados de Buenos Aires) –homenaxe a Eduardo Blanco Amor, á emigración e ao Centro Galego de Buenos Aires– unha serie de intelectuais galegos, entre os que se atopan os Álvarez Blázquez, Paz Andrade, Celso Emilio Ferreiro e Aquilino Iglesia Alvariño, quen recita a “nenia” –como dixo nas palabras introdutorias– en homenaxe a Eduardo Blanco Amor<sup>20</sup> que tanto tivo que ver cos poemas galegos de Federico García Lorca<sup>21</sup>.

Velaí, pois, esa dupla homenaxe feita polo poeta que de tan lonxe vén dialogando co granadino máis universal.

Co título “Nenia por García Lorca” foi publicada por primeira vez en *Papeles de Son Armadans*, nn. XXXII-III, novembro-décembro de 1958<sup>22</sup>;

<sup>17</sup> *Op. cit.*, pp. 33-34.

<sup>18</sup> A. Iglesia Alvariño: *Nenias*, Vigo: Ed. Galaxia, Col. Salnés, nº 1, 1961, pp. 77-81.

<sup>19</sup> Gonzalo Allegue: *Eduardo Blanco Amor. Diante dun xuíz ausente*, Vigo: Nigra, 1993, p. 253.

<sup>20</sup> “La cena en honor de Villamarín Prieto y Blanco Amor”, *Rev. Galicia*, nº 502, Xullo-Agosto, 1958.

<sup>21</sup> Vid. Xesús Alonso Montero: “Blanco Amor e García Lorca”, en *Xornadas. Eduardo Blanco Amor* (Ourense, 1997), Santiago: Xunta de Galicia, 1997, pp. 27-40.

<sup>22</sup> *Papeles de Son Armadans*, nn. XXXII-III, 1958, pp. 235-239.

era este un número no que se conmemoraba o sesenta cumpreanos de Vicente Aleixandre e Dámaso Alonso, cun recordo especial para Federico García Lorca, que cumpriría os mesmos anos de estar vivo; como se pode ler na nota introdutoria: “Loa de los jóvenes sesentones y llanto por el poeta muerto en flor”. Palabras presumibelmente do director da revista, Camilo José Cela<sup>23</sup>.

A nenia, subtitulada “Elexía e Pranto”, está estruturada en seis movementos: I-V (“Elexía”) e VI (“Pranto”), sendo esta última parte onde recrea Aquilino Iglesia Alvariño máis o mundo lorquiano, como brevemente comentaremos máis adiante.

No poemario *Nenias* conserva a mesma estrutura, pero desaparece o subtítulo, cremos que para harmonizar co resto das composicións, nas que só figura o nome do homenaxeado, e aparece, como xa se dixo, co título simplemente de “García Lorca”, texto que copiamos de seguido:

## GARCÍA LORCA

### I

*Ser sempre é de noite pra o corazón que sal á vida  
debaixo do pe doutro na humillación que o preme  
e ven a berdo de fillos coma o sangue e a fala.*

*Ergue leiras o arado de traballos que non se acordan  
su as que mortos e mortos se amorean coma noites  
e agardan as súas almas, arremuiñadas coma follas secas,  
ó redor de cruceiros de pedra, milladoiros sin gloria.*

*Sonos ledos de leiras con amenceres e calandras  
e con bois píos e cabalos de quinas brancas polas veigas  
pasan polas congostras que hai por debaixo da noite  
de cara á porta de marfil que non dá a ningures.*

---

<sup>23</sup> Corenta anos despois, con motivo do centenario lorquiano (1998), non ten ningún inconveniente en se converter no seu verdugo, ao se “despachar”, ben inelegantemente, contra a súa condición de homosexual e afeor a súa memoria. “Serán como diría Luis Eduardo Aute- los malos rollos de la edad”.

*Toda a auga do mar non abondara pra bágoas.  
Mais pra ser feliz ninguén chegou a este mundo.  
¡Aí, sombra de sono perdida na encrucillada do ermo  
que ún nunca apertara e chora toda a vida!*

## II

*Nas cavas, e nas segas, e nas gadañas;  
nas romerías, e nos concellos, e nas feiras;  
nas encrucilladas e nos cruceiros dos adros;  
entre as tolas do borrallo fomeando;  
sóbor da dura terra que arde coma os cirios  
na esperanza do pan mouro de cada día;  
e sóbor das pontes e os ríos sen esperanza;  
e na taberna, onde é máis triste e agre o sudor das xeiras,  
anque o viño dá fume ós corazós aturtuvigados;  
e na noite calada e solermiña en que a fera se afiúna,  
os homes badúan e barallan nos seus traballos.*

## III

*Coma unha marusía campal sóbor das longas praias estuante,  
furor de mandamento que vai na proa da nao e no fio da lanza.  
Furor de mandamento, e marusía campal, e moita forza  
sóbor dos vedros de uz e toxo femo dos cavadores;  
sóbor dos agros de sachadoras cacarelas e millos ardentes;  
sóbor dos prados chaos e ritmo escuro de gadañeiros;  
sóbor dos carreiros que se demoran ledos de cántigas;  
sóbor das veredas dos zarrulleiros, cordaneiros e capiceiras;  
sóbor das longas veredas que abriron xentes do mundo,  
alegres de contos de outras terra e vilas lonxes que namoran,  
-relumbrantes de vidros e mármore e lapear de cobres ó sol-  
furor de mandamento, e marusía campal, e moita forza.*

*Coma un andacio irado polo sangue arriba,  
fogo de peste caroal, úzaro, uzarón, duro castigo,  
sóbor das airas e os eixidos de nenos e becerros novos;  
sóbor dos chozos dos cesteiros, recendentes a zume de talizas;  
sóbor das gamelas e dornas con velas rotas de engolemias;  
sóbor do ledo estroupeleo dos canteiros e carpinteiros,  
e o marteleo dos ferreiros nas fraguas cheas de sarrio.*

*Sóbor da canción dos teares e dos muíños;  
sóbor de foulas e escumas e quentor de prumas,  
-coma unha lapa alancando polos pallares secos,  
pola segura de montes roxos de queirogas e abrulas,  
pelo arume quente dos pinares parados-  
furor de mandamento, fogo carcoal, duro castigo.*

#### IV

*Renques de mulleres, con nenos arredore, nos peiraos.  
Xeada neve nos cabelos e a voz ós padales pegada.  
Ollos nas sombras axixando e maus escuras que debullan  
bagullos sen semente e coscos fríos rebulindo.*

*Cando camiños xa os carrexan que abriu a neve e o lobo apenas,  
e a noite quere xa deixalos co que ben queren ó lombo.  
páranse sen sangue e ón ó mencer a catropea  
dos cabalos e os berros e o duro son das ferraduras.*

*Trembran ó vento coma xungos corazóns que non coneceran o medo,  
outrora envoltos en ásporas pelicas de leós fulvos.  
A morte aturtuwiga xunta ós castaños con candeas  
e ó carón das fontes de pedra con barbas de limos verdes.*

*É ben triste a noite que non alborean frautas de buxo,  
porque as cotovías esquenceron o camiño do sol,  
cando esbara polas cousas o sudor frío que agarda  
polos que van enterrare sinxelas almas atrevidas  
debaixo dun silencio de herbas máis moles que o sono.*

#### V

*Sábeo queno sabe. Sábeno as camelias mudas da noite,  
e as portas desgonzadas sóbor da soleira,  
e as manxadoiras dos bois estaboradas  
e un vafo murcho e doce de alcaceres.*

*E o quentor agre do esterco na corte das vacas,  
onda un marráu pace as rosas dun neno do leite  
que xa gralleaba nomes fartos que enchen a boca.*

*E os carros emborcados nos currás sen unha res,  
sen nen sequera un can que día a xente de noite.  
Sábena ben os fumes mainos da fumeiras de lousa,  
o silencio dos escanos onde durmiron tódolos mortos da casa,  
e as fornelas da cinza, con muxicas de medo das noites de inverno,  
e a humedén escura dos oleiros coas ferradas sen asas,  
e o desamparo das espeteiras co roxo dos cobres roubados.*

*E a teima negra da araña cabo do furado aveso,  
na encrucillada dunha roda de camiños de morte,  
señora da morte.*

*E a prohibá de alboyos e palleiros onde atervan  
-corazóns que non ousan á marea da súa amarga mare-  
vagas lonxanas de medo, debaixo dunha pila de toxos  
ou de feno, e da herba curada que recende a morte.*

#### PRANTO

*¡Ai, cana de son no aire crebada  
coma un pe de millo na esfarna!*

*¡Ai, calandra de lume na mañá garrida  
cun leopardo polo teu canto arriba!*

*¡Ai, reiseñor da morte a tiro fixo  
e o corazón de musgo verdecido!*

*¡Ai, cabaleiro da amrgue alborada  
cunha dama sen ollos ás ancas!*

*¡Ai, cabaleiro da dama sen ollos,  
sombra amiga na quintana dos mortos!<sup>24</sup>*

A *nenia* era, nas súas orixes latinas, “un lamento cadencioso, executado por mulleres, ponderando as virtudes del difunto”, segundo palabras do

---

<sup>24</sup> Se damos aquí a versión que figura no poemario *Nenias* é porque é a última revisada polo propio autor e, certamente, ofrece algunhas variantes gráficas e léxicas a respecto da de *Papeles de Son Armandans*.

Catedrático de Latín da Universidade de Granada Andrés Pociña<sup>25</sup>. Aquilino Iglesia Alvariño, como latinista que era, coñece e emprega a manifestación poética nesta acepción clásica.

Así podemos ver cómo na “Elexía”, os cinco primeiros movementos da composición, hai unha salmodia, un coro prolongado que dinamiza as voces que anuncian, por todos os ámbitos, a presenza da morte como fin do camiño da vida. Noite, sombra, humillación, portas que se van pechando, soños perdidos, corazóns rotos, ventos que varren as flores que foran tomando corpo. Todo nos fala de destrución, caída, solpor: velaí –na filosofía poética aquiliniana– o fado do ser humano.

E deste espacio poboado por sombras que vagan cegas na noite que vai rodeando o ser no seu proceso de desposesión, pasamos ao “Pranto”, no que Aquilino se laia –voz ferida– pola desaparición do poeta visionándoo como “cana” polo vento vencida, como “calandra”, “reiseñor”, “cabaleiro” da amarga alborada e da “dama sen ollos”.

E ese cabaleiro-poeta toma corpo e pervive nesa presenza-ausente que se torna

*sombra amiga na quintana dos mortos,*

no xogo intertextual que fai co último dos *Seis poemas galegos*, precisamente o titulado “Danza da lúa en Santiago”.

Se o que perdura fúndano os poetas –segundo sentenza hölderliniana–, Aquilino Iglesia Alvariño deixa este monumento feito con palabras que, fráxiles pero resistentes, queren e conseguen que sigan falando de/por el(es) aínda que os dous estean ausentes, mais na irmandade das estrelas-palabras para sempre.

A voz segue viva no espacio do poema:

*¡Aí, cana de son no aire crebada  
coma un pe de millo na esfarna!*

---

<sup>25</sup> Andrés Pociña, *Op.cit.*, p. 81.

*¡Ai, calandra de lume na mañá garrida  
cun leopardo polo teu canto arriba!*

*¡Ai, reiseñor da morte a tiro fixo  
e o corazón de musgo verdecido!*

*¡Ai, cabaleiro da amrgue alborada  
cunha dama sen ollos ás ancas!*

*¡Ai, cabaleiro da dama sen ollos,  
sombra amiga na quintana dos mortos!*

E agora tamén nas notas que tivo a ben pórllle Xaquín Facal, para que a homenaxe aos poetas, á poesía, sexa completa, e que o alalá e o cante flamenco queden en irmandade.

*Luciano Rodríguez*